

ESPOSICIÓNS

1. Clausura da exposición "Tras a pegada das musas"

O domingo 26 de outubro foi o derradeiro día no que se estivo aberta a exposición "Tras a pegada das musas", que recollía na Casa do Cabido obras da artista plástica compostelá María Eiras, de nome artístico Mareiras.

Ademais, o xoves 23 de outubro tamén tivo lugar a última sesión de pintura in vivo da exposición, unha iniciativa na cal Mareiras pinta en directo nas dependencias da Casa do Cabido, as veces acompañada por un modelo, coa intención de dar ao público a posibilidade de contemplar en tempo real o proceso creativo da artista. Nesta última sesión asinou os cadros realizados ao longo da mostra.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/ultimo-dia-para-visitara-exposicion-tras-pegada-das-musas>



PUBLICACIÓNS

2. Un libro coeditado polo Consorcio de Santiago e a USC analiza a percepción do tempo na Compostela medieval

O Consorcio de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela presentaron o venres 10 de outubro no Paraninfo da Universidade na Facultade de Xeografía e Historia a publicación "Tiempo y viaje en la Compostela medieval: estudios sobre tiempo, individuo y peregrinación en la Edad Media", obra de Xosé M. Sánchez Sánchez e pertencente á Biblioteca Científica Compostelana do Consorcio.

A obra "Tiempo y viaje en la Compostela medieval: estudios sobre tiempo, individuo y peregrinación en la Edad Media" é unha monografía que transita polas ideas e nocións do tempo que tiñan os individuos no seu camiño cara a Santiago e polas formas que tales ideas implican. Desde a perspectiva das fontes documentais, os edificios, os obxectos e ritos, argumentáanse os cambios producidos en torno ao século XII, que definen usos diversos na percepción do tempo.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/un-libro-coeditado-polo-consorcio-de-santiago-e-usc-analiza-percepcion-de-tempo-na-compostela>



3. O Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora presentan un libro que recolle a historia do concello de Conxo

O Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora presentaron o martes 21 de outubro no Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo a publicación "Historia do antigo concello de Conxo", unha obra colectiva coordinada polo historiador Rafael García Ferreira e pertencente á Biblioteca de Divulgación do Consorcio.

A obra "Historia do antigo concello de Conxo" recolle doce traballos de investigación sobre temas relacionados coa historia, o patrimonio e a vida cotiá do concello de Conxo, que foi un municipio independente durante case un século, entre 1835 e 1925, cumprindo neste ano 2025 o centenario da súa anexión a Santiago de Compostela.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/o-consorcio-de-santiago-e-alvarellos-editora-presentan-un-libro-que-recolle-historia-do>

4. O investigador galego Fernando Franjo presenta o proxecto de investigación "Santiago Proxectado, arquitecturas non construídas" do Consorcio de Santiago no XXV Congreso Nacional de Historia da arte celebrado en Murcia

No marco do XXV Congreso Nacional de Historia da arte celebrado na cidade de Murcia, o investigador galego Fernando Franjo presentou oficialmente o proxecto de investigación "Santiago Proxectado, arquitecturas non construídas", unha iniciativa expositiva pioneira que se celebrou promovida polo Consorcio de Santiago na Casa do Cabido e que reúne por primeira vez unha selección de proxectos urbanísticos e arquitectónicos de distintos estilos artísticos en Santiago de Compostela, desde a Idade Media ata finais do século XX que non chegaron a ser construídos.

Máis información:
<http://www.consorciodesantiago.org/gf/noticias/o-investigador-galego-fernando-franjo-presenta-o-proxecto-de-investigacion-santiago-proxectado>



MÚSICA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

1. A Real Filharmonía de Galicia e a Banda Municipal de Santiago ofrecen un novo concerto no marco do proxecto Sensoxenoma

O 3 de outubro a Real Filharmonía de Galicia e a Banda Municipal de Santiago ofreceron un concerto no Auditorio de Galicia dentro do marco do proxecto Sensoxenoma.

Antes, durante e despois do concerto foron recollidas mostras de sangue, saliva e bágoas, cedidas por doantes voluntarios, para analizar e comparar o impacto da música como ferramenta de promoción da saúde e benestar. Ademais, foi posible examinar a actividade electrodérmica e a frecuencia cardíaca dos participantes do estudo grazas á utilización de sensores facilitados pola Facultade de Psicoloxía da Universidade do Minho.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/gf/o-real-filharmonia-de-galicia-e-a-banda-municipal-de-santiago-ofrecen-un-novo-concerto-no-marco-do-proxecto-sensoxenoma/>



2. A Real Filharmonía de Galicia comeza a súa nova temporada, 'Historias'

A Real Filharmonía de Galicia, baixo a batuta do seu director titular e artístico, Baldur Brönnimann, presentou o 9 de outubro o concerto "Deixa que che conte", o primeiro da súa nova temporada, titulada Historias. Este novo capítulo propón un xogo de significados entre as Historias con maiúscula — que evocan o pasado e os acontecementos que nos precederon — e as historias con minúscula, as narrativas contemporáneas que vivimos e compartimos no presente. A través da música, a orquestra convida a reflexionar sobre a relación entre memoria e actualidade, entre o que fomos e o que somos.

No espectáculo contou-se coa participación da solista Ilse Eerens, quen interpretou a obra "Let me tell you", de Hans Abrahamsen, e o público presente tivo a ocasión de escoitar tamén a estrea absoluta da obra "Laberintos de ámbar", da compositora Inés Badalo.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/gf/o-real-filharmonia-de-galicia-comeza-a-sua-nova-temporada-historias/>

3. A violinista Amandine Beyer e o clavecinista Diego Ares, protagonistas coa Real Filharmonía de Galicia

O xoves 16 no Auditorio de Galicia en Santiago e o venres 17 no Teatro Principal en Ourense tivo lugar o concerto "A clásica historia", no cal a artista en residencia da actual temporada da RFG, a directora e violinista Amandine Beyer compartiu o escenario co clavecinista Diego Ares, quen actuou como solista. O programa trouxo obras de Carl Philipp Emanuel Bach, "Sinfonía en Mi menor"; Franz Joseph Haydn, "Concerto para clavecín en Re maior" e "Concerto para violín e clave"; ademais da "Sinfonía en Do menor" de Luigi Boccherini.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/gf/o-violinista-amandine-beyer-e-o-clavecinista-diego-ares-protagonistas-coa-real-filharmonia-de-galicia/>



4. A Real Filharmonía de Galicia e "El Barroquista" presentan "Playlist RFG": unha viaxe polas emocións a través da música clásica

O sábado 25 de outubro no Auditorio de Galicia, a Real Filharmonía de Galicia uniuse ao historiador da arte e divulgador cultural Miguel Ángel Cajigal, tamén coñecido como "El Barroquista", nun concerto familiar baixo o título Playlist RFG. O xoves 23 e o venres 24 houbo pases exclusivos para os centros educativos que o solicitaron.

O concerto estruturouse en segmentos que representan distintos estados de ánimo: a tensión, a diversión, o amor e mesmo a dor. Deste xeito, a Real Filharmonía de Galicia, baixo a batuta do seu director asistente, Sebastian Zinca, puxo música a esa idea narrativa, nunha proposta que combinou momentos intensos, emotivos ou luminosos con breves momentos narrativos para entender os sons e sentimentos evocados.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/gf/o-real-filharmonia-de-galicia-e-el-barroquista-presentan-playlist-rfg-unha-viaxe-polas-emociones-a-traves-da-musica-clasica/>



5. A convocatoria para director/a asistente da Real Filharmonía de Galicia reúne 81 aspirantes de dezasete nacionalidades

Real Filharmonía de Galicia pechou a convocatoria para seleccionar un/a candidato/a para prestar o servizo de director/a asistente para a anualidade 2026-2027, á que se presentaron 81 persoas procedentes de 17 nacionalidades diferentes. Do total, a metade son de orixe española e a outra parte de diferentes países como Colombia, Chile, Italia, Polonia, Alemaña, Brasil, Portugal, Suíza, China, Cuba ou Filipinas, entre outros. Unha mostra do atractivo internacional que esperta o proxecto artístico da formación galega.

Máis información:
<https://www.rfgalicia.org/gf/o-convocatoria-para-director-a-asistente-da-real-filharmonia-de-galicia-reune-81-aspirantes-de-dezasete-nacionalidades/>

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS



1. A EAEM presenta a súa oferta de clases maxistras para novembro e decembro

A Escola de Altos Estudos Musicais presentou a súa oferta de clases maxistras para os vindeiros meses de novembro e decembro. Estas clases, impartidas por solistas de recoñecido prestixio internacional, celebráranse nos próximos meses na sede da Escola para alumnos de óboe, violonchelo, clarinete, volín e frauta.

Deste xeito, estarán na EAEM o oboísta Nick Deustch, entre os días 12 e 14 de novembro, a violoncellista Suzana Stefanovic os días 20, 21 e 22 de novembro, a violinista Raquel Castro os días 27, 28 e 29 de novembro e tamén os frautistas Matthieu Gauci-Anceli e Davide Formisano os vindeiros 11 e 12 de decembro.

Máis información CAEO:
<https://caeo.es/gf/noticias/eaem-presenta-a-sua-oferta-de-clases-maxistras-para-novembro-e-dicembre/>

2. O profesor Mauricio Weintraub imparte a clase de interpretación emocional

O martes 28 de outubro o profesor Mauricio Weintraub compartiu nocións fundamentais sobre Interpretación emocional co alumnado do Curso Avanzado de Especialización Orquestral da Escola de Altos Estudos Musicais.

Máis información CAEO:
<https://caeo.es/gf/noticias/galeria-de-fotos-da-clase-de-interpretacion-emocional-do-profesor-mauricio-weintraub/>

